

17 OBRAS OPTARÁN AOS GALARDÓNS

Os Premios María Casares preparan unha gala reivindicativa e inspirada no cómic

27.03.2013 Este mércores no Teatro Rosalía de Castro da Coruña

A CORUÑA. EP

O Teatro Rosalía de Castro de A Coruña acollerá este mércores a entrega dos XVII Premios María Casares de Teatro, nunha gala "reivindicativa" e "canalla" que estará inspirada no cómic. De feito, estará conducida por Ratman e Bobin, dous superheroes interpretados polos actores Marcos Orsi e Xulio Abonjo, da compañía BaCaNa.

Un total de 17 obras optan aos premios de teatro nas súas 13 categorías que contempla galardóns de maquillaxe, vestuario, iluminación, música orixinal, adaptación-tradución, texto orixinal, escenografía, actor e actriz secundarios e protagonistas, dirección e mellor espectáculo.

Así, a montaxe 'Viaxe a ningunha parte', da compañía Sarabela Teatro, lidera as nominacións para estes premios organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), nos que opta a 10 galardóns, mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor iluminación, mellor adaptación-tradución, mellor escenografía, mellor actriz secundaria --para Sabela Gago--, mellor actor secundario por partida dobre --Josito Porto e Lino Braxe--, mellor dirección --Ánxeles Cuña Bóveda-- e mellor espectáculo.

A continuación sitúase a montaxe 'Tokyo 3', da compañía Voadora, que nestes galardóns conta con nove nominacións. En concreto, opta aos premios a mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor iluminación, mellor música orixinal, mellor escenografía, mellor actriz protagonista --Marta Pazos--, mellor actor protagonista --Hugo Torres --, mellor dirección --Marta Pazos-- e mellor espectáculo.

'O metodo Grönholm', de Talía Teatro, opta a cinco premios, entre os que se atopan mellor iluminación, mellor adaptación-tradución, mellor escenografía, mellor actor protagonista --Artur Trillo-- e mellor dirección --Xúlio Lago--. Galicia Ganíbal, o musical de Filmanova Invest S.A. podería lograr ata tres premios, o de mellor actor secundario --Víctor Mosquera--, mellor maquillaxe e mellor vestuario.

OUTROS GALARDÓNS

Voadora e Sarabela Teatro competirán no apartado de mellor espectáculo con 'Nuncabunga', de Elefante Elegante SC; mentres que ao galardón de mellor actor protagonista tamén optarán Manuel Manquiña --por 'A Función do Tequila'--, Víctor Mosquera --por 'Románticos'-- e Xosé Manuel Olveira 'Pico' --por 'Kafka e a boneca viaxeira'-. No de mellor actriz protagonista tamén figuran nomeadas Ana Santos -- por 'Desfeitos'--, Camila Bossa e Iolanda Muíños -- ambas as dúas por 'Malos Hábitos' -- e Marián Bañobre -- por 'Pequenos actos pseudorevolucionarios' --.

No apartado de mellor actriz secundaria competirán con Sabela Gago, Rebeca Montero --por 'O Profesional'-- e Luisa Merelas --por 'A Función do Tequila'--.

Durante a cerimonia, a actriz Piar Pereira recibirá o Premio de Honra Marisa Soto. Pola súa parte, Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) será o encargado de ler o Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro.

A gala será emitida en diferido pola Televisión de Galicia e contará, como novidade neste ano, con presenza nas redes sociais, xa que será comentada por diversos xornalistas e persoas vinculadas ao mundo da cultura que foron invitadas pola AAAG a asistir á gala e comentar no twitter as súas impresións baixo o hastag #oscares.